



ADDENDA AO CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

REÚNENSE:

Dunha parte, Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Por outra banda, Don Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 110/2022, do 9 de xuño publicado no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) núm. 117, do 20 de xuño, dacordo coas competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no DOG núm. 38, do 22 de febreiro.

Ambas as dúas partes interveñen no nome e representación das súas respectivas institucións no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

MANIFESTAN:

Primeiro.- Ambas partes suscribiron o 8 de febreiro de 2018 o Convenio de cooperación educativa entre a Consellería de Política Social e a Universidade de Vigo para a realización de prácticas académicas externas do estudiantado da Universidade de Vigo.

Segundo.- Ambas partes acordaron o 1 de febreiro de 2022 a prórroga do convenio por un período de catro anos.



Terceiro.- Considerando que é de interese ampliar a colaboración iniciada con base no convenio de cooperación educativa mencionado, ambas as partes

ACORDAN:

Incluir os Puntos de Encontro Familiar que sexan titularidade da Xunta de Galicia dentro dos centros de realización de prácticas indicados na cláusula segunda do convenio de colaboración educativa asinado entre a Consellería de Política Social e a Universidade de Vigo do 8 de febreiro de 2022.

En proba de conformidade, ambas partes asinan o presente acordo.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2025

A CONSELLEIRA DE POLITICA SOCIAL E IGUALDADE	O REITOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO
Fabiola García Martínez	Manuel Joaquín Reigosa Roger